

## RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA

### **Asunto: incremento dos importes máximos axudas de saúde dende 2020.**

Actualmente está vixente o Regulamento de axudas sociais do persoal da administración do Parlamento de Galicia aprobado pola Mesa do Parlamento en sesión do 21 de maio de 2002. Nel regúlanse diferentes tipos de axudas, a súa tramitación e demais aspectos en base aos que se reparte o fondo de acción social existente.

A disposición adicional do regulamento dispón no apartado 1º que “ a contía do crédito orzamentario a dotalo fondo incrementarase anualmente mediante a aplicación do índice de incremento establecido para gastos de persoal na lei de orzamentos do exercicio económico correspondente”. Non obstante, este fondo atópase conxelado por mandato da normativa estatal de xeito expreso dende o exercicio 2018.

Por outra parte, o segundo apartado da dita disposición adicional determina que: “ Os importes máximos das axudas e a porcentaxe establecida no artigo 6 deste regulamento poden ser modificados por Resolución da Presidencia, por proposta motivada da Xunta de Persoal. Estas modificacións publicaranse no taboleiro de anuncios do Parlamento”

En consecuencia, visto que os importes das axudas de saúde non se variaron dende 2003, aínda que o resto si se incrementaron ata o exercicio 2008, e tendo en conta que a liña de axudas de saúde están a ter un tendencia á alza en número de peticións do persoal e importe total dentro do marxe de gasto de dotación do fondo.

Esta Presidencia, ao abeiro da disposición adicional segunda RESOLVE:

1.- Que os importes para axudas de saúde dende o exercicio 2020 sexan os seguintes:

- a) Gastos odontolóxicos: 900,00€
- b) Gastos oculares: 600,00€
- c) Gastos auditivos: 600,00€
- d) Gastos ortopédicos: 600,00€.

2.- Publicar no taboleiro de anuncios do Parlamento de Galicia.

3.- Dar traslado á Comisión de axudas sociais e á Intervención e asuntos económicos para o seu coñecemento e efectos.

Santiago de Compostela, 14 de decembro de 2020

Miguel Angel Santalices Vieira  
Presidente